

U + Sociedade P3

Universidade e sociedade. A hora do cambio

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de emprego
Obxectivo cumprido na primeira edición virtual

Entrevista a Emilio Duró
CONSULTOR

“Unha persoa optimista e feliz rende até cen veces máis no traballo que unha pesimista”



U + Transferencia P7

Instituto de Investigación Biomédica

Na busca de tratamentos para as enfermidades con maior impacto en Galicia

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

INVESTIGADOR NO INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III DE MADRID



U + Centros P9

Facultade de Informática

O único centro de Galicia que cobre todas as fronteiras de docencia a través de cinco especialidades

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

“As vellas feridas do pasado só se poden pechar coa verdade”



U + Empresa P11

Sutega

Máis de dúas décadas innovando en mobiliario técnico

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións



U + Actualidade P13-15

A UDC renovou os seus órganos colexiados

As contas para este exercicio retroceden ao nivel de 2008

A adaptación dos campus ao Plan Boloña centra os investimentos previstos para 2011

Incrementábase a matrícula en todos os tramos académicos da UDC

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

CANTANTE, ESCRITOR E LOCUTOR CORUÑÉS





INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

EDITA

Universidade da Coruña Vicerreitoría de Cultura e Comunicación

REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E
FOTOGRAFÍA:
Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
**Servizo de Normalización
Lingüística**

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico



ENDEREZOS DE INTERESE

Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade- Empresa

R/DR. VÁZQUEZ CABRERA, S/N
CAMPUS DE FERROL
15403 FERROL
TEL. 981 337 400 EXT. 3800
vfrue@udc.es

OTRI: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Portal de Emprego

[http://www.udc.es/
saee/empregoudc/](http://www.udc.es/saee/empregoudc/)

Servizos de Apoio á Investigación

EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxaisec@udc.es

Observatorio Ocupacional

CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Investigación

RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vi@udc.es

José María Barja Reitor da Universidade da Coruña Sexamos rigorosos

Circula estes días polos correos electrónicos unha noticia que asegura que ao ter o mes de xaneiro cinco sábados, cinco domingos e cinco luns, este será un ano bo economicamente, porque isto só sucede cada 823 anos. Os que sabemos algo de matemáticas e estamos afeitos a aplicar a lóxica nas nosas deducións e antes de opinar, sabemos que os meses de xaneiro con cinco sábados, domingos e luns se repiten sempre só e só se o ano anterior foi ano santo compostelán, polo que esta circunstancia se repetirá seguindo un ciclo de 6, 5, 6 e 11 anos. Co dos 823 anos sucedeu algo similar, pois colleuse o pasado mes de agosto, o oitavo mes, que contou tamén con cinco segundas e cinco terceiras feiras e isto sucede, así mesmo nos anos xacobeos.

En fin, é labor da Universidade sermos rigorosos, compartirmos o coñecemento e desbotarmos falsas supostas teorías sen fundamento, aínda que iso supoña termos que romper con ilusións que todos quixeramos ter. Porque ese papel tamén o asumimos na Universidade, o de sermos desmontadores de argumentos tratados de xeito superficial.

Outro dos tópicos a que de cando e vez temos que facer fronte é o referente á xestión económica universitaria e á rendición de contas. As universidades

públicas teñen regulamentado todo un complicado e rigoroso procedemento para administrar os ingresos e os gastos que reciben con total transparencia. Por que, daquela, se está a falar en diversos foros de presuntas ineficiencias? Non é máis que outra das lendas urbanas que de cada pouco temos que desmontar e que se está a ver agravada agora, nun escenario de crise económica do que, non o esquezamos, tamén nós somos vítimas.

É verdade que todas as institucións, públicas e privadas, podemos e debemos mellorar os niveis de eficiencia, mais tampouco hai que perder de vista os obxectivos e a función social que vén cumprindo a universidade pública española. Un par de datos para a reflexión; en canto á investigación, non se debe esquecer que en Galicia o 70% da investigación se produce no seo das universidades. Polo que atinxe á docencia, o noso alumnado compite en igualdade de preparación dentro do espazo europeo de educación superior, formado por un total de 46 países. Moitos destes países europeos destinan entre dúas e tres veces máis recursos económicos por estudante que o que sucede nas universidades españolas. Pola súa parte, a Universidade da Coruña posúe o triste privilexio de ser a peor financiada de España. Con datos de satisfacción dos nosos alumnos superiores á media española

e cunhas taxas de inserción laboral tamén historicamente mellores ás de outras universidades, un preguntase ata onde chegaríamos se tivésemos o financiamento axeitado?

Noutra orde de cousas, o Claustro da Universidade da Coruña, máximo órgano de representación universitaria e no que participan todos os sectores que conforman a comunidade universitaria, é dicir, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos, vén de renovar todos os seus membros nunhas eleccións en que, por primeira vez, se aplicaron medidas de paridade para impulsar a participación das mulleres na toma de decisións dentro do máximo órgano de representación. Ademais, déuselle máis peso ao estudantado, que viu aumentada a súa porcentaxe de representatividade, ao igual que o persoal de administración e servizos. Así pois, teremos un claustro renovado, con máis participación das mulleres e que lles outorga máis voz a sectores cun evidente peso específico. Deámoslle a benvida aos novos claustrais e que asuman o seu cargo con responsabilidade porque as decisións que haberán de tomar fícarán reflectidas na historia dunha universidade que ten vocación milenaria; os humanos duramos moitísimo menos.



Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

Universidade e sociedade. A hora do cambio

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de Emprego
Entrevista a Emilio Duró

U + Transferencia P7

Instituto de Investigación
Biomédica

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

U + Centros P9

Facultade de Informática

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

U + Empresa P11

Sutega

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións

U + Actualidade P13-15

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

Na última xuntanza da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas, que tivo lugar en Zaragoza o pasado mes de novembro, o ministro de Educación Ángel Gabilondo dixo literalmente que “as universidades non son propiedade de quen traballa nelas, senón da sociedade”. Idénticas palabras utilizou o reitor da Universidade de Santiago cando interveu, en representación dos tres reitores das universidades galegas, no acto de sinatura do convenio de financiamento coa Xunta de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela en decembro. A afirmación parece evidente, xustifica a propia existencia dos consellos sociais como órganos de participación da sociedade no goberno da universidade e aparece xa na Lei orgánica 11/1983, de 25 agosto, de reforma universitaria, cuxo preámbulo dicía que “esta lei está vertebrada pola idea de que a universidade non é patrimonio dos actuais membros da comunidade universitaria, senón que constitúe un auténtico servizo público referido aos intereses xerais de toda a comunidade nacional e das súas respectivas comunidades autónomas; a iso responde a creación dun Consello Social, que, inserido na estrutura universitaria, garanta unha participación no seu goberno das diversas forzas sociais”.

Asumindo, pois, que a sociedade é a propietaria da universidade e que esta institución asume a transcendental función pública da educación superior ao servizo dos intereses xerais, é doado chegarmos á conclusión de que a sociedade ten a consecuente responsabilidade de procurar a súa calidade e a súa eficiencia no exercicio das tarefas de docencia, investigación e transferencia de resultados, para así impulsar a denominada terceira misión universitaria, é dicir, a achega das universidades ao desenvolvemento social, cultural e económico da nosa sociedade.

Os que fomos estudantes universitarios na época da transición democrática (no meu caso entre os anos 1974 e 1979) adoitabamos dicir entón que a universidade tiña que fomentar unha inexistente sociedade civil e dirixila cara á consecución do cambio democrático. Hoxe parece claro que é a sociedade civil a que ten a obriga de promover na universidade o cambio cara á modernización para a súa excelencia docente e científica, a súa internacionalización e a súa implicación no desenvolvemento económico e social, e sería

un erro pensarmos que esa responsabilidade se limita a lle procurar suficiencia económica e financeira. Moi polo contrario, é evidente que a sociedade tamén ten que dotar as universidades dun marco xurídico axeitado para estas se xestionaren e gobernaren, de maneira que se garanta que poidan ser áxiles e flexibles na toma de decisións e competitivas nun marco de transparencia e rendemento de contas, co obxecto de se adaptaren con rapidez aos cambios que a sociedade reclama.

Esta é a reflexión que suscita a publicación, nos últimos meses, dunha serie de estudos que dunha ou doutra forma reflicten a preocupación da sociedade española pola súa universidade. Trátase do documento *Propuestas para la reforma de la universidad española*, promovido pola Fundación Alternativas e o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados e, por tanto, moi próximo ás esferas do actual Goberno de España; o titulado *Un momento clave de oportunidad para construir entre todos la España admirada del futuro*, promovido pola Fundación Everis, e en que, aínda que non se analiza directamente a situación da universidade española, se fan continuas referencias á súa importancia na necesaria transformación de España “cara aos paradigmas da sociedade do talento, economía do coñecemento e cultura por innovación/emprendemento”; e por último, o documento publicado, a partir dunha enquisa entre empresas, pola Fundación Coñecemento e Desenvolvemento (CYD) titulado *La universidad y la empresa española*. Se houberse que resumir nunha frase as conclusións que suscita a lectura destes tres documentos, podería ser sen dúbida esta: España necesita unha universidade mellor e chegou a hora do cambio.

O primeiro dos documentos citados asinano oito profesores universitarios e analiza sucesivamente os que considera os catro principais problemas da universidade española:

1. O mal financiamento, pois o actual non incentiva a mellora da docencia, nin a calidade do profesorado, nin o rendemento do estudantado.
2. O deficiente sistema de goberno, baseado nun contrapeso de poderes que impide cambios no seu funcionamento que non foren consensuados, favorece que se dilúan as responsabilidades e tende a

facer lenta a toma de decisións. O poder está dividido entre o reitor e os decanos ou directores das facultades e escolas, que son elixidos por votación; tamén os departamentos elixen a súa dirección e poden ter grande autonomía, co cal acostuma ser difícil e custoso implementar iniciativas se entran en colisión cos intereses de colectivos particulares, aínda que respondan aos intereses xerais de toda a universidade e da sociedade.

3. A endogamia. O sistema de cooptación e apadriñamento que é consubstancial ao recrutamento endogámico –onde a lealdade, os favores e os servizos prestados son prioritarios fronte aos criterios obxectivos– perverte a mesma esencia do traballo universitario, que debe basearse no esforzo, a equidade, o mérito e a capacidade.
4. O localismo. Falta de mobilidade do estudantado e profesorado, que supón unha falta de perspectiva do carácter esencialmente universal da universidade e do coñecemento: estudantado que provén do seu contorno máis próximo, proporción altísima de profesorado que ten praza no centro onde estudou, estruturas organizativas rixidas de facultades e departamentos que non favorecen a mobilidade do profesorado e investigación que carece de dimensión internacional.

Desde outra perspectiva, o documento da Fundación CYD sobre a universidade e a empresa española reflicte unha opinión xeneralizadamente negativa das empresas enquisadas sobre o papel da universidade como motor do desenvolvemento económico: un 55% opina que a universidade non conta coa organización apropiada para exercer esa función. Só un 54% das empresas españolas mantén algún tipo de relación coa universidade e o 77% das colaboracións consiste apenas na incorporación de estudantado e/ou titulados en prácticas.

A universidade española ten o coñecemento, o talento e a maior e mellor capacidade de investigación. Liderou a democratización do ensino superior na sociedade do século XX, mais o seu modelo de xestión e gobernanza non é o axeitado para lles facer fronte aos novos desafíos do século XXI. É responsabilidade da sociedade, e tarefa de todos, promover a súa mellora.



III Feira Europea De Emprego

Obxectivo cumprido na primeira edición virtual, con preto de dez mil visitas e dous mil currículos enviados

Universidade & Sociedade Blogpaper

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de Emprego
Entrevista a Emilio Duró

U + Transferencia P7

Instituto de Investigación
Biomédica

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

U + Centros P9

Facultade de Informática

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

U + Empresa P11

Sutega

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións

U + Actualidade P13-15

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

Máis de 9500 visitas recibiu, na súa primeira edición de carácter virtual, o portal da III Feira Europea de Emprego, organizada pola Universidade da Coruña xunto coa Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia. Durante un total de doce días, as persoas participantes puideron aproveitar a tecnoloxía da rede 2.0 para realizar visitas aos postos virtuais, coñecer as ofertas de emprego e de prácticas laborais, recoller información sobre os perfís profesionais máis demandados polas empresas e enviar os seus currículos. Esta nova orientación da Feira, que tivo lugar baixo o lema Conéctate, interactúa, acadou un grande éxito de participación, xa que tanto o estudiantado como os titulados da UDC puideron acceder desde o seu ordenador a todos os servizos, sen necesidade de se desprazaren a unha sede física. Proba da eficacia desta fórmula foron os máis de 1900 currículos enviados ou as máis de 178 000 páxinas visitadas dentro das ligazóns facilitadas no portal da Feira.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral da Feira Europea de Emprego desde que iniciou a súa andaina é promover a relación entre a universidade, as empresas e as institucións relacionadas co emprego no marco dunha dimensión europea de mercado e mobilidade laboral. Outros obxectivos de tipo máis específico son ofrecer asesoramento para a procura de emprego e facilitar a inserción no mundo do traballo, informar sobre as futuras necesidades de formación e as tendencias do mercado laboral, fomentar e pular a cultura do emprendemento entre as persoas participantes ou facilitar a incorporación de persoal conforme ás necesidades das empresas participantes.



XORNADA INAUGURAL

A única cita presencial desta edición foi o acto de inauguración da Feira, realizado na Facultade de Socioloxía, á que asistiron o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja; o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Salvador Fernández Moreda; o presidente do Consello Social da UDC, Antonio Abril, así como o subdirector xeral de Colocación da Xunta de Galicia, Jaime Valenzuela; o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, Luis Barral, e a vicedecana da Facultade de Socioloxía, Laura Oso.


Tendo en conta a actual situación económica, a crise e os seus efectos sobre o emprego xuvenil centrou boa parte das intervencións. Pola súa banda, o reitor manifestou que “a universidade non é allea aos problemas de acceso ao mercado de traballo da mocidade”, para engadir que as empresas teñen nas institucións académicas, a través de eventos como a Feira Europea de Emprego, “un magnífico caladoiro de capital humano para as súas necesidades de persoal cualificado”.


Tamén destacou José María Barja o grande interese que esta feira suscita entre os estudiantado, e afirmou que o novo formato virtual permite dar un paso adiante para chegar a un maior número dos máis de 3000 estudantes que cada ano rematan os seus estudos na institución académica coruñesa.

Na mesma liña se expresou o presidente da Deputación, que tamén amosou a súa preocupación pola elevada taxa de paro xuvenil –o 33,87%, unha das máis altas de Europa– e salientou a importancia da Feira como dinamizadora do emprego entre os titulados coruñeses. Neste sentido, manifestou que co seu apoio a este proxecto a Deputación pretende continuar favorecendo a inserción laboral dos universitarios, para lembrar despois que este encontro propiciou un importante número de contratos laborais en todas as edicións.

O presidente do Consello Social da UDC, Antonio Abril, puxo de manifesto o papel relevante da universidade no apoio ao emprego e na formación de capital humano a través do ensino, o fomento de competencias e aptitudes profesionais, a promoción da cultura emprendedora, a cooperación universidade-empresa e a transferencia de resultados da investigación para a súa posta en valor no tecido produtivo.

Finalmente, o subdirector xeral de Colocación, Jaime Valenzuela, destacou o carácter europeo da Feira e lembrou que aínda son moi poucos os titulados dispostos a marchar da súa comunidade para iniciar a súa vida laboral e traballar noutro territorio. Neste sentido, animou os estudantes a buscar novos horizontes noutros países da Unión Europea.





III Feira Europea De Emprego

Innovación, implicación e constancia compoñen a receita do éxito dun novo proxecto empresarial

Atopar un traballo estable por conta allea, vinculado á súa formación e nivel de cualificación é o obxectivo número un dos estudantes que rematan os seus estudos. Son aínda ben poucos os que optan por se embarcaren na aventura do autoemprego, malia poder constituír unha saída laboral moi prometedora. Foron precisamente o emprendemento e a innovación os temas que centraron unha das sesións máis salientables da xornada inaugural da Feira Europea de Emprego. Neste encontro, representantes da empresa Bilega –derivada (spin-off) da UDC– e do Grupo Eymosa-Ventogal puxeron de manifesto as súas experiencias á fronte destas entidades, mentres a técnica de Motivación e Desenvolvemento do proxecto Bioemprende de BIC Galicia, Noemi Iglesias, e o subdirector de Formación Especializada do Igape, Carlos Silva, expuxeron algunhas das fórmulas para iniciar a andaina no mundo do autoemprego.

“O moito soprar o lume acende”, foi a reflexión final suxerida por José Ramón Bellas, coordinador da planta do Grupo Eymosa-Ventogal. Esta empresa é todo un exemplo de como empezar desde cero, reinventarse continuamente e triunfar grazas á constancia e á innovación. Un administrativo despedido nos tempos da reconversión naval ferrolá conseguiu levantar o que hoxe é un grupo empresarial con 200 traballadores e 20 000 metros cadrados de superficie total na súa nave; o que comezou sendo un galpón en que se producían subministros para o sector naval finalmente é unha gran planta dedicada ao sector das enerxías renovables e que se segue “reinventando día a día”. “Convido os titulados coruñeses a seren positivos”, manifestaba José Ramón Bellas, para quen o optimismo e a motivación son as ferramentas máis importantes con que debe contar unha persoa emprendedora.

Unha mensaxe similar lanzaba Marcos Balboa, director executivo de Bilega, unha empresa derivada nacida no Viveiro de Empresas da Universidade da Coruña que hoxe ten unha carteira de clientes moi destacada e ofrece un servizo especializado baseado na innovación no campo das tecnoloxías aplicadas ás enerxías renovables. Marcos empezou desde moi novo no campo do autoemprego. Traballaba os veráns e as fins de semana e xa nos anos 90 creou a súa primeira empresa, de

comercio electrónico. Desá experiencia sacou moito en limpo, e tamén aprendeu moito da súa estada na Alemaña grazas ás bolsas Erasmus, que recomenda a todos os estudantes que pasan pola Universidade da Coruña. Nese país quedou impresionado pola xestión da enerxía e o medio, e unha nova idea principiou a bulir pola súa cabeza de emprendedor.

Cando el e o seu socio comezaron finalmente a poñer en marcha Bilega conseguiron o apoio da UDC, a través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) e o Viveiro de Empresas. “Grazas ao noso paso polo Viveiro acadamos todas as capacidades técnicas para desenvolvermos o noso servizo”, lembraba Marcos, ao tempo que aseguraba que as tres claves do éxito dun novo proxecto son a innovación, a implicación e a constancia. “Cando creas unha empresa tes que achegar algo novo e aproveitar os ocos que hai no mercado, ter a capacidade para servir un produto ao cliente e saber vendelo”, manifestaba o impulsor de Bilega, para engadir, con respecto á identificación co proxecto, que non só é importante sentirse implicado persoalmente, senón que é fundamental transmitir eses valores a todos os membros da empresa, ben sexan socios ou empregados. “Todo o mundo ten que estar involucrado e sentir como propio calquera dos produtos que facemos”. Finalmente, remataba asegurando que “hai que ser moi testán, porque se lle botas moitas ganas e moitas horas acabas conseguindo o que te propós”.

A estas tres receitas, o subdirector de Formación Especializada do Igape, Carlos Silva, engadía a capacitación profesional. “Galicia precisa empresarios, emprendedores, bos profesionais e tecnólogos”, sinalaba na súa intervención na mesa redonda. E a xulgar polos datos dunha enquisa do Igape, os galegos non só están ben preparados, tamén lles sobra profesionalidade e motivación. Neste sentido, aseguraba Silva que o que máis se valora de traballar en Galicia é “a actitude cara o traballo e a profesionalidade que temos os galegos”. Un aspecto en que coincide Marcos Balboa, que afirmaba que “a polivalencia que temos aquí non se atopa en ningún lado, e fóra de Galicia abraia o que somos capaces de facer”.

Capítulo á parte merece o tema do financiamento dos novos proxectos, nun momento en que precisamente as posibilidades crediticias son moito máis escasas que hai ben poucos anos. “Os bancos están pechados, e nós desde o Igape estamos intentando abrir esa caixa pechada con corenta cadeados e salvar os proxectos que poidamos actuando como unha entidade financeira e mediando para reconducir a viabilidade dos proxectos”, manifestaba Carlos Silva.

Tamén traballa no apoio á creación de novas empresas e á consolidación de proxectos xa postos en marcha o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC Galicia), dependente da Consellería de Industria, que a través dun dos seus plans de actuación denominado Bioemprende promove vínculos entre sectores implicados no desenvolvemento transfronteirizo das empresas biotecnolóxicas de Galicia e do norte de Portugal.

Explicaba na mesa redonda a técnica de Motivación e Desenvolvemento do Proxecto Bioemprende, Noemi Iglesias, que tratan “de xerar relacións e sinerxias para crear un tecido empresarial e tecnolóxico”, xa que a biotecnoloxía é actualmente un sector prioritario porque é innovador e xera valor produtivo. “Temos que apostar por sectores baseados no coñecemento e aproveitar recursos como os que facilitan as universidades, os centros tecnolóxicos ou as empresas do sector para apoiar os proxectos dos chamados bioemprendedores”, sinalaba, para lembrar que no sector da biotecnoloxía hai técnicos moi competentes que, no entanto, non coñecen o mundo da empresa e aos cales lles custa converter os seus proxectos tecnolóxicos en produtos empresariais viables.





Emilio Duró

Consultor

“Unha persoa optimista rende cen veces máis que unha pesimista”

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de Emprego
Entrevista a Emilio Duró

U + Transferencia P7

Instituto de Investigación
Biomédica

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

U + Centros P9

Facultade de Informática

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

U + Empresa P11

Sutega

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións

U + Actualidade P13-15

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

POR CARMINA ESCRIGAS

O broche de ouro á xornada inaugural da Feira Europea de Emprego foi a estimulante charla ofrecida polo consultor Emilio Duró, un alto executivo que pisou o freo da vida cando deixou de lle ver sentido ao que facía. O seu discurso non deixa indiferente a ninguén, e proba diso foi a longa ovación que recibiu no salón de actos da Facultade de Socioloxía despois de tres horas e media de conferencia. Nunha intervención chea de experiencias persoais que compartiu cos asistentes, Emilio Duró empregou o seu verbo ácido, ás veces politicamente incorrecto, a súa potencia xestual e o seu sarcasmo para transmitir un discurso aberto, no que falou sobre a xestión da ilusión e o optimismo en tempos de cambio.

Como se produciu esa transición de alto executivo a consultor e inspirador de ilusión?

Precisamente no meu traballo empresarial descubrí que as persoas fracasan maioritariamente por golpes emocionais e non racionais. Investimos grandes cantidades en facer perfectas máquinas de xestión, mais por sorte a nosa xenética fai que o noso rendemento dependa en boa medida da capacidade para xestionarmos as nosas emocións. Seguimos necesitado sentirnos queridos. Por iso, as persoas cun alto coeficiente de intelixencia non son necesariamente as que maior éxito teñen na vida. E podo asegurarlle que os fracasos nos directivos non dependen de problemas técnicos, senón de problemas emocionais (perda dun ser querido, sentimento de soledade, sentimento de fracaso...).

As súas conferencias non deixan indiferente a ninguén. Como cre que percibe a xente os seus consellos?

Xamais quixen dedicarme a impartir conferencias –creo que teño moi pouco que dicir– e nunca dou consellos, xa que non me aclaro demasiado coa miña vida e son a persoa menos indicada. Lía a pasada fin de semana que as persoas que aos vinte anos non saben o que queren, dificilmente logran triunfar na vida. Eu teño cincuenta e sigo sen o ter claro, por iso unicamente explico a miña loita diaria por ser máis feliz e darlles máis felicidade aos demais. Porén, é normal que moita xente non comparta a miña visión e que xere dúbidas. Considero que dubidar é de intelixentes.

Cre que a sociedade en que vivimos perdeu a ilusión e a motivación no seu día a día?

É difícil xeneralizar. Vivimos con máis riqueza que nunca, máis bens que nunca, máis oportunidades que nunca... Ora ben, somos máis felices? Tradicionalmente utilizábase toda a enerxía á supervivencia da especie, que era máis importante que a do propio individuo. Pero nos últimos cen anos o ser humano pasou dunha esperanza de vida de 35 anos a case 83 anos, o que provocou un aumento espectacular da poboación e 40 ou 50 anos adicionais de vida non reprodutivos onde a procura do pracer non abonda para ser felices. Debemos pasar de “sobrevivir” a “vivir”, necesitamos un sentido de vida. Por iso o tema máis estudado na actualidade é a procura da felicidade dos individuos, que permita reducir a cifra de depresións e ansiedades, as causantes do maior número de enfermidades e que supoñen un enorme custo laboral para as empresas.

E como se aplica iso ao mundo laboral?

As investigacións máis recentes apuntan que a calidade no desempeño profesional depende esencialmente da calidade persoal que achega o individuo, xa que non pode esperarse un comportamento positivo, proactivo e eficiente de quen é incapaz de ter esa actitude nas súas propias decisións persoais. Estímase que as persoas optimistas e felices renden entre o 65 e o 100% máis que as persoas que non son optimistas. A modo de exemplo, comentábame un amigo que aos astronautas lles miden o coeficiente de optimismo como principal competencia. Imaxinan ir nunha nave á Lúa cun pesimista?

Vostede fala moito da xestión do medo nas súas charlas. Como podemos libramos del?

O noso pasado cavernícola fainos sentir medo –sen dúbida o maior causante da infelicidade–, o que leva a que non variemos os nosos costumes (medo ao cambio); non tentemos loitar por alcanzar os nosos soños (medo ao fracaso); comamos máis do necesario (medo á supervivencia); fagamos o que lles gusta aos demais, aínda que a nós nos desagrade (medo ao rexeitamento). E con medo non se pode lograr todo aquilo do que seríamos capaces. É absolutamente imposible lograr a felicidade sentindo medo. Todos imos morrer, mais temos que conseguir que a nosa vida valse a pena.

Deséxolles moita sorte na súa aventura por conquistar unha vida apaixonante. E un consello, sigan soñando imposibles. Sigán sendo nenos.

Cre que a actual crise non é só económica, senón tamén de valores?

Creo que si. Mais seguramente entre todos podémolo cambiar. A humanidade tivo moitas crises de valores que foron unha grande oportunidade de cambio e de todas elas saímos reforzados. Son moi optimista ante o futuro e seguro que entre todos faremos un mundo mellor. Hoxe cremos que os valores se constrúen dos 6 aos 12 anos en función do que vemos na casa. Aprendemos por imitación e o principio do pracer, polo que se queremos que os valores cambien teremos que mudar nós. Os nenos só reflicten o que ven.

Dise que os niveis de ansiedade na poboación se disparou debido á crise. Que consello lles daría aos empresarios vencidos pola tensión e ás persoas que perderon os seus traballos?

É moi difícil dar consellos cando todo che vai ben, porque a verdade é que ves a realidade distorsionada. Só podo dicirlles que necesitamos loitar cos tres cerebros que temos: primeiro manterse en forma, comer adecuadamente e ter o corpo oxixenado; en segundo lugar, ter unha actitude mental positiva, rodearnos de persoas que nos animen, non deixar de amar os nosos seres queridos e fortalecer a nosa autoestima. E, por último, hai que seguir estudando, exercitando a mente, sen renderse, con espírito novo para non morrer en vida. E saber que somos responsables da nosa vida e que case todo depende de nós ou, cando menos, si somos responsables das nosas respostas.



Instituto de Investigación Biomédica da Coruña Na busca das fórmulas de diagnóstico e tratamento para as enfermidades que máis afectan aos galegos

Potenciar a investigación para resolver os problemas médicos que máis afectan aos pacientes da área sanitaria. Ese é o obxectivo fundamental do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (Inibic), constituído en 2008 por un acordo subscrito entre a Consellería de Sanidade e a Universidade da Coruña, para posibilitar unha transferencia máis eficaz á sociedade dos avances científicos obtidos no diagnóstico, a prevención e o tratamento das enfermidades. Así, neste instituto traballan actualmente 211 investigadores, repartidos en quince grupos, dos que oito contan con profesionais do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña como investigadores principais, dous son liderados por investigadores da UDC e cinco de carácter mixto. Francisco Blanco, director científico do Inibic, indica que do seu punto de vista “os institutos son un bo instrumento para vertebrar a investigación sanitaria en Galicia arredor das universidades e os hospitais, de xeito que se vexan as transferencias de resultados á sociedade e, principalmente, aos nosos pacientes”. De feito, engade o doutor, “se as nosas investigacións non chegan aos pacientes teremos fracasado”.

O Instituto conta con diferentes espazos dedicados á docencia e investigación no Centro de investigación Biomédica do CHUAC e no Instituto Universitario de Ciencias da Saúde, no campus de Oza. Así, conta con área de formación, biblioteca, animalario, quirófano experimental ou laboratorio. “Paulatinamente fomos conseguindo espazo e equipamentos e fomos medrando en recursos humanos, até acadar un perfil multidisciplinar en que temos todo tipo de profesionais”, indica o doutor Blanco.

No tocante ás liñas de investigación, están orientadas ás necesidades sanitarias da área coruñesa, polo que se enfocan ás enfermidades con maior prevalencia: as músculoesqueléticas e do aparato

locomotor; as cardiovasculares, as respiratorias, as endócrinas, nutricionais e metabólicas; as neurolóxicas e o cancro. A este respecto, o doutor Blanco explica que estas patoloxías son as que máis afectan a común da poboación, mais hai algunhas, como as reumatolóxicas, que teñen unha prevalencia especial en Galicia e ás cales, por outra banda, non se lles dedica un grande esforzo investigador porque non ocasionan unha alta mortalidade. “Ora ben, agora a xente quere vivir máis con maior calidade de vida, e as enfermidades reumatolóxicas son as que máis afectan a esa calidade de vida”.

Alén destas liñas de investigación principais, o Inibic tamén desenvolve áreas transversais centradas no avellentamento, a biotecnoloxía, a epidemioloxía clínica e bioestatística, a medicina rexenerativa con células nai e terapia celular, a xenética e proteómica, a investigación en enfermaría e o transplante. Neste último ámbito, desenvolvido por un grupo emerxente, o doutor Blanco destaca que ultimamente se obtiveron moi bos resultados, que ademais teñen unha aplicación moi inmediata.

Segundo os últimos datos estatísticos facilitados polo Inibic, este instituto desenvolveu un total de 87 proxectos de investigación no exercicio de 2009 e realiza á volta de 250 publicacións especializadas ao ano. Plenamente consolidado xa como un modelo de investigación translacional en Galicia, os proxectos de futuro pasan pola ampliación do espazo existente arestora, duns 4000 metros cadrados. Neste sentido, o Inibic ten como obxectivo contar cunha sede propia, para o que se proxecta a construción dunha torre no contorno do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Ademais, salienta o doutor Blanco a prioridade de conseguir a acreditación do Instituto de Saúde Carlos III. Trátase dunha acreditación de excelencia que implica unha maior categoría no ámbito da investigación e posibilita obter maiores recursos para infraestruturas e persoal.



Luís Mariñas

Investigador no Instituto de Saúde Carlos III de Madrid

“O salario que cobrarían os investigadores na empresa privada non se pode comparar, pero a vocación de servizo público compensa con creces as penalidades”

Luís Mariñas estudou Bioloxía na Universidade da Coruña. Pertence á promoción 1994-1998, unha época que lembra con moito cariño e de que conserva aínda moitos amigos e compañeiros de excursións. Con todo, se hai un recordo especial para este investigador do seu paso pola UDC é o dos anos de estudante predoutoral, cando estaba preparando a tese, polo “compañeirismo e sensación de pertenza ao grupo”.

Especializouse en bioloxía celular, e despois de ler a tese foise cunha bolsa posdoutoral ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. E da cidade herculina deu o salto a Madrid, nada menos que ao prestixioso Instituto de Saúde Carlos III, en que está investigando no campo da neumoloxía novos tratamentos para a asma a partir de células nai adultas. Explica que dese xeito se evitan os problemas éticos e se ofrece unha maior seguridade no trato aos pacientes, cunha aplicación moito máis rápida e directa. É que o uso clínico en prazos moi axustados de tempo –dous a tres anos, o que se considera meteórico– centra a filosofía de traballo no modelo de investigación que desenvolve o seu grupo no Instituto Carlos III.



Precisamente esa aplicación práctica e vocación de servizo público é a que moitas veces, segundo comenta Luís Mariñas, compensa as “penalidades” que pasan os novos investigadores neste país. “O problema é que non existe un concepto de carreira científica como tal en España, e non están claros os pasos que tes que ir dando para afianzarte e non andar dando voltas”, explica, e lamenta tamén que a principal repercusión da crise económica non se experimentase nas propias convocatorias de proxectos de investigación, senón nas contías das subvencións. “Hai recortes brutais nos cartos que se dedican a recursos humanos nos grupos de investigación”, asegura Luís, para engadir que iso lles afecta principalmente aos que están a empezar a súa carreira científica, os novos investigadores que el chama “de pico e pa, que están realizando un traballo todos os días”.

Recoñece Mariñas que ten recibido numerosas e tentadoras ofertas da empresa privada, mais “sempre ao final existe algo que tes aí no fondo, de intentar axudar co pouco que poidas achegar para mellorar a calidade de vida das persoas”. Asegura que esa vocación é a que lle axuda a manterse na corda frouxa, aínda que os niveis salariais entre a empresa privada e a carreira científica sexan “absolutamente incomparables”.



Luís leva xa dous anos en Madrid, e séntese afortunado porque está preto da casa. Aínda así, está agardando volver a Galicia en canto poida, unha vez que remate a súa estadía como investigador no Instituto de Saúde Carlos III, un centro cun “nivel altísimo, dotacións innovadoras, ideas frescas e os mellores investigadores de todos os campos”, que ademais conta cunha nova Unidade de Bioloxía Celular e do Desenvolvemento, o campo en que está especializado, con quince investigadores principais. Un traballo apaixonante, mais a peaxe que ten que pagar Luís é moi alta, pai recente dunha rapaza de seis meses e experto en viaxes de fin de semana á Coruña para ver a súa familia.





U+C
ENTROS

Facultade de informática

O único centro de Galicia que cobre todas as fronteiras de docencia a través de cinco especialidades



Cúmprese un cuarto de século da implantación dos estudos de Informática na Coruña. Xa choveu desde aquel 19 de marzo de 1986, en que se aprobaba o decreto que establecía a creación dunha escola que nacía sen sede, e que pasaba nos primeiros tempos por centros como o de Aparelladores ou Económicas. Foi no curso de 1994 cando a diplomatura e a licenciatura se transformaron en Enxeñarías Técnicas de Sistemas e de Xestión e Enxeñaría en Informática. Un ano despois chegaba ao centro como profesor Alberto Valderruten, que en 2004 sucedería o actual reitor, José María Barja, como decano da Facultade de Informática.



Deste período de consolidación da titulación, o actual decano destaca o labor dun dos seus antecesores, José Luís Freire, que como director da escola deseñou o primeiro plan de estudos da diplomatura, implantou a licenciatura, conseguiu o actual edificio e transformou os títulos oficiais en enxeñarías. Agora tócalle a Valderruten o arduo labor de transformar de novo estas titulacións, para adaptalas ao espazo europeo de educación superior. O paso ao grao supón eliminar os tres títulos existentes e convertelos nunha única titulación con cinco especialidades, unha transición de que o decano fai moi bo balance. “É unha situación totalmente distinta e que cambia moito a docencia, porque pasamos de grupos moi grandes en tres titulacións distintas a grupos reducidos para unha única titulación”, explica Valderruten, para engadir que agora a docencia é máis personalizada, o cal “é fundamental nunha carreira tan práctica como esta”.



Con respecto aos contidos, lembra o decano que a gran vantaxe da informática é que “podemos compararnos con referentes internacionais”, xa que se trata dunha carreira universal, en que os contidos son moi similares en todos os países, aínda que con adaptacións ás realidades socioeconómicas de cada contorno. Grazas a iso, e porque a dirección do centro considera que a mobilidade é fundamental para o desenvolvemento desta profesión, unha das principais vocacións desta titulación é o intercambio. De feito, “os estudantes deste centro que estiveron dispostos a se moveren chegaron moi arriba na súa carreira”, asegura o decano.

Xa no terceiro curso –é dicir, dentro de dous anos para o estudantado que inaugurou o grao– cada estudante poderá optar entre cinco especialidades, o que converte o centro coruñés na única facultade galega en ofrecer todas as competencias relacionadas coa enxeñaría informática, porque as especialidades cobren todas as fronteiras de docencia neste ámbito.

Outro dos puntos fortes dos estudos de Informática é o alto índice de inserción laboral. Neste momento figura entre as cinco primeiras titulacións en España e no último informe do Observatorio Ocupacional da UDC quedou como a primeira enxeñaría en taxa de ocupación. Por este motivo, Alberto Valderruten quere lanzar unha mensaxe optimista nestes tempos de crise, en que o sector das TIC se comportou excepcionalmente ben. “Neste sector queda moito por facer, e aínda é necesario investir en aplicacións robustas, seguras e fiables”, sostén, para engadir que a colaboración e a interacción co mundo da empresa é precisamente un dos principais obxectivos da Facultade de Informática.

“Boloña non se entende sen un achegamento moito maior á empresa”, asegura o decano, que cita tres fronteiras de actuación fundamentais para canalizar este achegamento. En primeiro lugar, lembra que no deseño do programa de estudos do novo grao se lle deu unha prioridade primordial ao papel da empresa. “Tiñamos que escoitalos porque coñecer as súas necesidades parécenos fundamental”. Tamén ten un gran protagonismo na facultade o programa de prácticas laborais, que se está potenciando para que chegue ao maior número de estudantes posible. Outra das accións, que se complementa con diferentes eventos, seminarios e encontros con forte presenza empresarial, é a convocatoria de certames e premios para os mellores proxectos de fin de carreira, en colaboración con empresas.

VIXÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO

A Facultade de Informática está actualmente inmersa nos preparativos para a celebración do 25.º aniversario, que inclúe diversos encontros como as Xornadas de Seguridade, que xa tiveron un grande éxito nas dúas anteriores edicións, ou a campus party que terá lugar na ponte do Entroido, bautizada como FIConLan. Trátase dunha iniciativa impulsada polo propio estudantado para lles amosar o que fan na facultade ás persoas interesadas en coñecer o centro e se achegaren a unha titulación moi vocacional, en que os estudantes deben ter un perfil moi concreto para acadar o éxito nos seus estudos. É que, como lembra o decano, require moito interese e motivación pola novidade, mais “non esquezamos que é unha enxeñaría, e como tal esixe unha cabeza moi ben amoblada e unha base sólida”.





Eugenio Raúl Zaffaroni

Quince veces doutor honoris causa e ministro da Corte Suprema de Xustiza da Arxentina
“O único que pode pechar as vellas feridas do pasado é a verdade”

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de Emprego
Entrevista a Emilio Duró

U + Transferencia P7

Instituto de Investigación
Biomédica

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

U + Centros P9

Facultade de Informática

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

U + Empresa P11

Sutega

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións

U + Actualidade P13-15

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

POR CARMINA ESCRIGAS

Eugenio Raúl Zaffaroni é un dos xuristas máis prestixiosos do panorama internacional e moi prezado na Arxentina polo seu papel na nulidade das leis de punto final e obediencia debida. Foi un dos catedráticos invitados a participaren no Congreso de Dereito Penal Internacional e Memoria Histórica organizado na Facultade de Dereito pola área de Dereito Penal da UDC.

- A nulidade das leis arxentinas de punto final e obediencia debida que decretou supuxo un antes e un despois para o país. De feito din de vostede que iluminou o dereito penal na Arxentina.

A anulación das leis de punto final e obediencia debida foi previamente decidida por algunhas instancias inferiores e por último pola Corte Suprema. Na opinión da maioría da Corte Suprema predominou o dereito internacional, e en consecuencia removéronse todos os obstáculos conforme á xurisprudencia da Corte Interamericana. A partir de aí reabíronse todas as causas até o punto de que hoxe temos unhas 700 persoas procesadas e 140 con sentenza. Desas 700 persoas unhas 350 xa están en condicións de ir a xuízo oral.

- Que podemos aprender os españois deste proceso?

En primeiro lugar, creo que é un pouco lamentable o que está a suceder co xuíz Garzón. Alén de que se poida coincidir ou non coa súa sentenza, someter un xuíz a responsabilidade penal por criterios xurídicos con clareza discutibles é absolutamente inaceptable. Penso que non é motivo para considerar delituosa a conduta.

- Que lle parece a Lei da memoria histórica española?

En liñas xerais paréceme bastante limitada. Creo que en principio España está nunha situación bastante diferente á nosa. A maior parte dos responsables de crimes de lesa humanidade están mortos, de modo que non vexo cal é a razón práctica para non abrir amplamente o debate acerca de todo. Non vexo por que poñerlle obstáculos á verdade. O caso podería asemellarse ao de Turquía, coa diferenza de que alí o presunto responsable aparece como heroe nacional, o que non ocorre no caso español. Por iso non entendo o motivo de tantas voltas, paréceme que é un prexuízo que España ten que sacar de encima e pechar o asunto.

- En España existen dúas opinións, a dos que apostan por deixar todo como está e a dos que desexan recuperar a memoria das persoas represaliadas. Considera xustificable apelar á dor que supón abrir vellas feridas para non revisar o ocorrido?

En absoluto. Eu creo que o único que pecha vellas feridas é a verdade. E para iso hai que discutir e revisalo todo. Iso pecha a ferida definitivamente.

- A que responsables de xenocidios e delitos de lesa humanidade cre que xamais veremos no banco dos acusados?

Non sei se a Bush, aínda que non estou seguro de que non vaia ser xulgado. É que o poder punitivo, polo feito de se internacionalizar, non perde a súa esencia selectiva. Por que Pinochet puido estar no límite cando xa non servía? Pode ser que Bush mañá tampouco sirva. Normalmente ao cárcere van os parvos, mais de cando en vez vai algún listo. E normalmente é porque pelexou con outro listo e perdeu, e daquela quedou sen cobertura. Iso é o que pasa no dereito penal interno e é o que pode pasar no dereito penal internacional. De modo que teño a impresión de que Bush non irá ao cárcere, ora ben, non podoo garantilo.

- Tamén foi recoñecido o seu importantísimo labor como docente e investigador. De feito, a súa obra Dereito penal revolucionou esta disciplina e acadou a cima de vendas e de uso en universidades latinoamericanas nun tempo récord.

Simplemente o que fixen, como investigador, foi deixar de considerar calquera posibilidade de lexitimar o poder punitivo e, pola contra, lexitimar o dereito penal tanto no ámbito interno como no do dereito internacional humanitario. Digamos que non lexitimo a guerra, senón a contención da guerra, co cal non me preocupo máis en preguntarme para que serven as penas. O que sei é que teño que conter o poder punitivo para que non se descontrola, porque cando iso ocorre pode facer desaparecer o estado de dereito e mesmo provocar o xenocidio. De modo que así chego á conclusión de que o dereito penal sería preventivo de calquera clase de xenocidio, o cal é unha función sumamente digna.

- Tamén foi destacada a súa militancia política. Pensa en volver algunha vez á política activa?

De momento non, mais na Arxentina é tan imprevisible todo que nunca se sabe. O que si teño claramente decidido é que non volveirei a un cargo de xestión. Nalgún momento non descarto poder volver á actividade lexislativa.

- Como cualifica o escenario que deixou na Arxentina o falecemento de Néstor Kirchner?

O panorama político mudou bastante, evidentemente con isto nace un mito e creo que desconcertou bastante un sector da oposición. Na actualidade fortalece a posición da presidenta e, en liñas xerais, non vexo un risco de crise política no medio prazo. É obvio que a oposición está fundamentalmente encabezada polo Grupo Clarín, polo que ten oligopolizado un sector dos medios; mais aínda así está moi fragmentada, o cal é un risco para o sistema, porque neutraliza as alternativas e isto sempre é perigoso.





SUTEGA

Máis de dúas décadas innovando en mobiliario técnico

O grupo Sutega iniciou a súa actividade na Coruña como papelería técnica no ano 1989. Desde entón, foi incorporando novas divisións até constituír un grupo con outras nove empresas especializadas. Actualmente, Sutega é líder no sector do interiorismo de oficinas (contract) e opera en Europa, Asia, Oriente Medio e América Latina.

Esta firma coruñesa deu os seus primeiros pasos grazas á ilusión dos seus fundadores por crearen unha empresa líder baseada no servizo ao cliente con produtos de deseño e calidade, tendo como únicas ferramentas "o seu bo facer e as súas experiencias profesionais", segundo sinalan desde a entidade.

Tamén destacan como principais valores da empresa "a humildade, a seriedade e a profesionalidade" que atesoura o equipo humano que compón hoxe Sutega. Estes son os mesmos valores que desde o comezo fixeron que a papelería técnica comezase a ampliar o seu negocio e diversificase a súa actividade noutras ramas, para constituír un grupo empresarial dunha ducia de empresas, cada unha cunha estrutura organizativa propia, en que traballan un total dunhas 150 persoas.

No 2009, este grupo empresarial galego abriu en Bucarest a súa primeira sede internacional, que é asemade o seu sexto centro de traballo. Os outros cinco están na Coruña, Vigo, Santiago, Madrid e Oviedo.

Co ánimo de apoiar a investigación, Sutega uniuse como membro do padroado da Fundación UDC. A este respecto, desde a entidade comentan que nos últimos dous anos incorporaron cinco bolseiros procedentes da Universidade da Coruña no Departamento Técnico e no Departamento de Xestión da Administración Comercial. "Valoramos esta experiencia como moi positiva, porque [os bolseiros] achegaron moito na xestión do traballo", sinalan desde a empresa. De feito, nalgúns casos os bolseiros quedaron no grupo para se incorporar ao cadro de persoal.

Co apoio da UDC, Sutega desenvolveu un proxecto de I+D dirixido polo departamento do profesor Antonio Sanjuán, da Facultade de Ciencias da Comunicación. O obxectivo deste traballo foi o desenvolvemento dun plan de mercadotecnia global que pasaba polas accións en redes sociais, o posicionamento na internet e a comunicación cos clientes a través dunha revista electrónica, así como os lanzamentos de ofertas".

OS LAZOS CO DESEÑO

Outra das colaboracións máis salientables coa UDC foi a desenvolvida coa Escola Técnica Superior de Arquitectura. O grupo deu apoio financeiro aos proxectos de fin de carreira; á edición do libro Monografías editado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; e ao V Encontro Internacional, mediante a convocatoria dun concurso de deseño de casetas para acoller unha exposición de pezas dos deseñadores de renome universal Charles e Ray Eames. Ao fin e ao cabo, como resume o director comercial e socio fundador de Sutega, Francisco Pérez, "é un orgullo colaborar cos arquitectos aos que fai vinte anos lles vendemos o seu primeiro escalímetro".


UN VALOR INTERNACIONAL

Un dos retos de futuro máis importantes para Sutega é a expansión internacional. Precisamente, o pasado ano 2010 contou cun orzamento de dez millóns de euros para levar a cabo a primeira fase do proxecto de equipamento do mobiliario da sede do Senado da República de México, despois de gañar un concurso en que participaron varias empresas mexicanas e internacionais. A obra foi deseñada por Javier Muñoz, un recoñecido arquitecto mexicano, e executada polo Grupo Indi.

UNHA EMPRESA DIVERSIFICADA

O grupo empresarial Sutega está formado por empresas de equipamento, servizos e subministración. O primeiro bloque engloba Sutega Oficina Contract, que ofrece mobiliario de oficina e equipamentos, mentres que Sutega Hogar Contract se encarga da venda de mobiliario para o fogar; Sutega Ergo Salud, dedicada á subministración de equipamento clínico, xeriátrico e escolar; Sutega Obras Iluminación, que realiza proxectos luminotécnicos e domóticos; e Sutega Audiovisuales Proyectos TIC, que achega solucións de deseño audiovisual. No segundo atopamos Sutega Servizos de Gestión, que realiza as funcións de xerencia das empresas do grupo, e Sutega Servizos Logísticos, que se ocupa da loxística, o almacenamento e a montaxe de mobiliario. E por último, o terceiro cónfórmano Sutega Reprografía Cartelería, que se encarga de reprografía e impresión dixital e Sutega Papelería Bellas Artes, que ofrece papelería técnica e artigos relacionados coas artes plásticas.





Trileuco Solucións

“Poder contar con servizos como o Viveiro de Empresas é un luxo para os emprendedores que están a empezar”

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-6

Feira Europea de Emprego
Entrevista a Emilio Duró

U + Transferencia P7

Instituto de Investigación
Biomédica

U + Profesionais P8

Luis Mariñas

U + Centros P9

Facultade de Informática

U + Entrevista P10

Raúl Zaffaroni

U + Empresa P11

Sutega

U + Emprendedores P12

Trileuco Solucións


U + Actualidade P13-15

U + Personaxes P16

Xurxo Souto

O título de Enxeñaría Informática pola Universidade da Coruña, unha destacada experiencia profesional e, sobre todo, as inqedanzas empresariais son o denominador común que une os catro socios fundadores de Trileuco Solucións, unha empresa derivada (spin-off) da UDC que iniciou a súa andaina no ano 2009. Esta empresa de capital 100% galego proporciona servizos integrais de consultoría e solucións en tecnoloxías da información e as comunicacións enfocados ao eido da optimización de procesos de negocio.

Os tres socios que traballan en Trileuco Solucións a tempo completo contan cunha longa traxectoria en entidades á cabeza do tecido empresarial galego. Marcos Muíño García traballou en empresas como Soluziona, Denodo Technologies ou Inditex. Pola súa banda, Felipe Peña Pita que foi premio extraordinario fin de carreira pola Universidade da Coruña e pola Xunta de Galicia, tamén traballou en Denodo Technologies e en Inditex. Nas mesmas entidades desenvolveu a súa profesión César Suárez Suárez, que ademais conta cunha notable experiencia adquirida en empresas como Energea Servicios y Mantenimiento ou Enxenio. Aos tres promotores hai que engadirilles un cuarto, que de momento non presta unha dedicación completa e que conta cunha dilatada e recoñecida experiencia profesional na dirección e xestión de proxectos tecnolóxicos innovadores.



Ao principio, mentres os socios definían o esqueleto da súa iniciativa empresarial, compatibilizaban os seus respectivos empregos coa posta en marcha de Trileuco Solucións, en que loitaban contra os atrancos burocráticos e traballaban na captación dos primeiros clientes. “Cando estás a comezar sempre é complexo conseguir clientes porque aínda non hai formada unha reputación”, lembran. Con todo, engaden que este escollo se salvou nun espazo temporal “realmente moi curto” e logo puideron pasar a traballar en exclusividade no seu proxecto.

Ao seu xuízo, o seu principal acerto foi “seguir o noso instinto, crer en nós mesmos e emprender”, así como achegarse á Universidade da Coruña para se asesoraren. De feito, en Trileuco Solutions valoran moito o apoio que lles prestou a UDC para acometer os primeiros pasos da súa iniciativa. “Que a OTRI [Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación] confiase en nós e nos cedese un espazo no Viveiro de Empresas foi un feito substancial que a maiores de facilitarnos un lugar físico perfectamente acondicionado, tamén nos proporcionou ese plus de confianza que sempre se precisa nos primeiros momentos”, aseguran os socios, que salientan o papel clave da OTRI á hora de lles amosar “cuestións que nin nos formuláramos” na posta en marcha da súa iniciativa empresarial. Os membros de Trileuco Solucións consideran que o Viveiro de Empresas da UDC é unha “ferramenta excelente para cubrir as necesidades básicas que os emprendedores teñen na primeira fase da súa aventura”. Para eles, “poder contar cun espazo físico perfectamente acondicionado, e coa calidade dos servizos que ofrece o Viveiro da UDC, é un luxo que permite que os emprendedores nos poidamos centrar no noso negocio”.




Os principais obxectivos desta empresa, que rexen a súa filosofía de traballo, son a satisfacción do cliente e o traballo ben feito. Para acadar ese reto crean solucións adaptadas ás súas necesidades reais, cun correcto dimensionamento e deseñadas para xogaren un papel estratéxico dentro do seu crecemento. Tamén ten para eles unha importancia capital a calidade técnica das tarefas que levan a cabo, en que empregan tecnoloxías libres perfectamente probadas pola comunidade, e encarar os proxectos dándolles a debida importancia tanto á eficiencia como á creatividade e á proactividade.

Con respecto aos servizos que presta, Trileuco Solutions basea a optimización dos procesos de negocio nunha plataforma de software exclusiva e desenvolvida pola propia empresa, capaz de tomar de entrada as modelizacións dos procesos de negocio. Ademais, desenvolven un traballo de enxeñaría composto pola análise, a modelaxe e o procesado matemático dos datos estratéxicos involucrados nos devanditos procesos.

Un exemplo pode ser a distribución dos produtos dunha cadea de supermercados, a planificación dos mantementos da maquinaria dunha empresa industrial, a planificación das quendas de traballo nunha empresa de gran tamaño ou a xestión do stock dun almacén con base na información histórica e a previsión da demanda.

Arestora contan con importantes clientes tanto no ámbito institucional como no empresarial e traballan con empresas importantes dos sectores téxtil ou eólico. Neste último están en fase de definición dun proxecto para optimizaren os resultados nos parques eólicos cunha compañía referente no eido das enerxías renovables.



A UDC renovou os seus órganos colexiados nunhas complexas eleccións con 60 procesos abertos



A Universidade da Coruña pechou o ano 2010 cunha complexa xornada electoral en que os órganos colexiados – Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento– renovaron os seus membros. Nada menos que 60 procesos electorais abertos nunha mesma convocatoria, en que se elixiron, no caso do Claustro, os representantes do profesorado doutor e das restantes categorías de persoal docente e investigador (PDI), así como do estudantado e do persoal de administración e servizos (PAS). Ademais, escolléronse nas xuntas de centro os representantes dos profesores que non teñen vinculación permanente coa UDC e os dos estudantes e o PAS. Finalmente, nos consellos de departamento votáronse os representantes do profesorado a tempo parcial, o persoal investigador en formación que colabora na docencia e os lectores, e tamén os de estudantado e o PAS.

As porcentaxes de participación no Claustro, en que se renovaban todos os integrantes salvo os membros natos –reitor, secretario xeral e xerenta– acadou o 69% no caso do PDI, que se elevou ao 84% no caso dos doutores con vinculación permanente. Tamén foi moi alto o índice no PAS, que chegou ao 78%. A porcentaxe máis baixa deuse nos estudantes, cun 12%.

Un dos aspectos máis importantes deste proceso electoral é que se aplicaron, por primeira vez, medidas paritarias para impulsar a participación das mulleres nos órganos de representación universitarios, co que se logrou que o novo Claustro subise un 10% en presenza feminina, pasando do 27% ao 37%.

No tocante aos resultados das eleccións, 60 dos 148 claustrais representantes dos profesores doutores elixíronse baixo as siglas de Nova Luce, única candidatura colectiva que se presentou neste sector. Deste colectivo forman parte tamén 11 dos 36 representantes das distintas categorías de PDI. No caso do estudantado os votos estiveron repartidos entre os Comités, IESGA, o Sindicato de Estudantes e outras asociacións. No PAS foron Alternativa de PAS Asamblearia, Colectivo de PAS Independente e Candidatura Aberta de PAS os grupos que lograron representación.

As contas para este exercicio retroceden ao nivel orzamentario do ano 2008



As contas que para este ano figuran no orzamento de 2011 aprobado polo Consello de Goberno sitúan á entidade académica coruñesa no nivel orzamentario de 2008, cunha contía global de 129,6 millóns de euros, o que vén supoñer unha caída con respecto ao ano 2010 do 5,8%. O reitor, José María Barja, lembra que “nun ano tan difícil fomos capaces de formular os orzamentos e faremos o plan de sustentabilidade esixido pola Xunta de Galicia”.

Ademais, a UDC asinou xunto cos reitores de Santiago e Vigo e os conselleiros de Educación e Ordenación Universitaria e de Facenda o convenio que recolle o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia para 2011 “con todas as súas obrigas”. Barja espera, neste sentido, que o Goberno galego lles conceda ás institucións académicas “un trato equilibrado e xusto que permita a converxencia entre o sistema universitario galego e remate coas diferenzas históricas entre os campus galegos”.

En concreto, nas contas da Universidade da Coruña as transferencias correntes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que ao ser unha universidade pública supoñen o grosor dos ingresos, acumulan unha caída de 10,5 millóns de euros desde 2009 e sitúanse por debaixo do 83 millóns. Complementáanse os ingresos con achegas privadas e teñen tamén un importante peso os aforros xerados no exercicio de 2010 pola universidade coruñesa, así como os anticipos reembolsables que permiten completar o orzamento do vindeiro ano. Malia a Universidade da Coruña ter as contas saneadas, e despois de recorrerse ao aforro, aplicáronse recursos extraordinarios dado o complicado do próximo bienio, pois é imprescindible recuperar o nivel de financiamento.

Na epígrafe de gastos, a UDC fará durante este ano un exercicio de redución en todos os ámbitos, concretado en aspectos como o gasto corrente, que baixa un 8%, o que supón un fortísimo axuste dado o recorte efectuado xa o ano pasado; ou os investimentos en obras e equipamentos, que caen un 16% e se limitarán a proxectos en marcha ou de magnitude moderada inaprazables. Neste panorama de baixadas destaca, porén, o recorte pouco significativo das bolsas para o estudantado que caen só nun 1,7%. Ademais, dáse un trato privilexiado aos programas propios de investigación e aos fondos xestionados desde os centros e departamentos.

A adaptación dos campus ao novo espazo europeo de educación superior centra os investimentos previstos para 2011

As liñas xerais da Programación plurianual e orzamentaria para o período 2011 - 2013, aprobadas polo Claustro, presentan como prioridades os investimentos encamiñados á adaptación dos edificios dos campus ao espazo europeo de educación superior. Así, está previsto finalizar este ano a ampliación da Facultade de Informática e da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, así como destinar importantes investimentos a obras na Facultade de Economía e Empresa e intervencións na Escola Politécnica Superior. Outro dos capítulos destacados nos investimentos afecta á área deportiva do Campus Center, con fins docentes vinculados á Facultade de Ciencias da Educación, e á reforma da Aula Náutica.

Ademais, durante este exercicio e no próximo bienio seguirase a promover a internacionalización, con partidas para bolsas Erasmus e outros programas de mobilidade por uns 800.000 euros neste ano, e a novidade dunhas bolsas para desenvolver estudos na Universidade de Adelaida (Australia) co patrocinio de Navantia.


Para este exercicio tamén está previsto que se finalicen obras iniciadas como o Centro Cívico do campus de Ferrol, ao cal está consignada ademais unha partida de 200.000 euros para as actuacións necesarias previas á execución da residencia universitaria, en que se concentrarán esforzos para acadar financiamento externo específico.



Incrementábase a matrícula en todos os tramos académicos seguindo a tendencia do ano pasado

A Universidade da Coruña aumentou este curso a matrícula de novos alumnos, seguindo a tendencia positiva xa constatada no pasado ano académico. O incremento rexistrase en todos os tramos académicos, desde niveis de grao até mestrado e doutoramento. Deste xeito, no nivel de grao inscribíronse un total de 3.773 novos estudantes, o que supón un 3,2% máis que no curso anterior. Esta cifra ascende a 5.363 os novos alumnos que se matricularon por primeira vez na UDC en todos os seus programas académicos, fronte aos 4.586 do curso pasado. En total, cursan estudos nos

campus coruñés e ferrolán 23.395 alumnos, o que vén sendo un 4,1% máis que en 2010. Deles, 2.383 están matriculados nos niveis de mestrado e de doutoramento, o que significa un 7,6% máis que o curso anterior.



O profesor da UDC Ricardo García-Mira coordina un proxecto europeo sobre sustentabilidade en que participan universidades de seis países

O profesor Ricardo García-Mira, director do Grupo de Investigación Persoa-Ambiente da Universidade da Coruña, lidera o único grupo español integrado no proxecto da Unión Europea denominado Locaw, en que participan universidades de seis países. Ademais, o grupo coruñés é o coordinador deste proxecto, que ten como obxectivo acadar patróns máis sustentables nos centros de traballo mediante a redución das emisións de carbono. Deste xeito, Locaw proporcionará unha análise das prácticas cotiás no lugar de traballo, así como os factores que promoven ou obstaculizan a transición cara a patróns sustentables de produción e consumo. Para realizar esta tarefa, examinaranse grandes organizacións en seis países diferentes, tanto do sector público como do sector privado.

Ademais da Universidade da Coruña participan neste proxecto a Universidade de Umeå (Suecia), a Universidade de Timișoara (Romanía), a Universidade de Surrey (Reino Unido), o Instituto Macaulay de Investigación do Solo (Reino Unido), a Universidade de Groningen (Holanda) e a Universidade de Roma La Sapienza (Italia). A investigación está financiada polo VII Programa marco de I+D da Unión Europea, e o seu orzamento ascende a 1,5 millóns de euros distribuídos entre estas universidades.

As principais cuestións para abordar neste traballo serán as relativas ás normas ambientais nas empresas, as fórmulas que se empregan nas organizacións para potenciar a aplicación de prácticas sustentables ou os conflitos que se xeran entre os encargados de tomar as decisións en materia de sustentabilidade e os empregadores e as organizacións sociais á hora de implantar as normas. En definitiva, o proxecto Locaw estudará factores sociais e individuais tales como o coñecemento das normas, a motivación á hora de aplicalas, a capacidade para levalas a cabo, a solidariedade que propicia a acción social colectiva ou a resistencia para comprender a necesidade de cambios nos ámbitos social, ambiental e organizacional.



Xurxo Souto

Cantante, escritor e locutor coruñés.

Vocalista do grupo Os Diplomáticos de Monte Alto, abandeirado do movemento bravú nos anos 80, que vén de ofrecer o concerto conmemorativo do vinte aniversario da súa fundación.



A mellor lembranza como estudante (na escola o instituto ou a universidade)
O concurso da canción a cappella no colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre. Estaba en sexto de EXB. Defendín o tema de Miguel Gallardo "Gorrión". Quedeí segundo. Gañou un compañeiro –hai que saber recoñecer o talento– coa canción de Sandokán.

O profesor que máis o marcou (na escola o instituto ou a universidade)
Foi no instituto, en Zalaeta. Primeiro día de primeiro de BUP. Agardaba expectante a primeira clase de galego da miña vida. Apareceu un mozo ben alto de barba mesta. Chamábase Carlos Paulo Martínez Pereiro, e superou todas as miñas expectativas. Agora é profesor

na Universidade da Coruña. E eu vivín o privilexio de ser o seu alumno.

A súa materia pendente (na vida profesional ou persoal)
Serei ben concreto: un documental sobre os bacallaeiros en Terranova. Daquel tempo en que se cantaban e mesmo se compoñían cancións en galego nas illas de Saint Pierre-et-Miquelon. Canadá segue quedando un chisco lonxe, mais algún día chegaremos.

A viaxe de fin de curso que lle gustaría ter feito
A que fixen. Como estudante de Filoloxía Clásica fun a Grecia: Atenas, Olimpia, Nauplia, Delfos... Mesmo celebramos a festa do queixo en Micenas, bailando cumbias enriba da Porta dos Leóns.

Un fito na historia da música e/ou a cultura galega
Isué (ano 2000), o primeiro disco de Mercedes Peón. Somos un pobo de artistas e, desde esta fin do mundo, a cantante coruñesa está a crear un discurso sonoro absolutamente propio, que dialoga de ti a ti con todas as vangardas europeas.

A principal lección que lle deron
Pode resumirse nesa frase de Díaz Pardo: "O mellor xeito de ser orixinal é coñecer as túas orixes".

Se volvese aos 18 anos, elixiría a mesma profesión?
Si, a comunicación. E estudaría a mesma carreira: Filoloxía Clásica. Durante algún tempo crín que me afastara da realidade ao me aplicar nas "linguas mortas". Agora penso que saber como entendían o mundo hai dous mil anos é o mellor xeito de entender o presente cun chisco de perspectiva.

O mellor recordo que conserva dos seus inicios na vida profesional
Atopar grandes mestres na Radio Galega: Carlos Blanco, Amelia García, Concha de la Fuente, Mari Pereira... Ensináronme que se podía facer, desde aquí, unha radio diferente cargada de imaxinación e de creatividade.

O mellor consello que recibiu
"Na radio, cando as cousas saen ben, saen ben. Cando saen mal, saen mellor: cómpre improvisar", Carlos Blanco falou.

O mellor consello que daría
Cando era xefe de programas na Radio Galega, sempre lles comentaba aos meus compañeiros: "Sorpréndeme!" Mesmo acabei sendo alcumado así na redacción, O Sorpréndeme. A algúns non lles parece un consello interesante. Eu sigo reivindicando este argumento: na comunicación non abonda con ter os mellores contidos, cómpre saber transmitilos coa maior imaxinación.

Quixo que o tragase a terra cando...
Hai moitos anos, traballaba de guionista para a produtora CTV. Tocaba en Ourense cos Diplomáticos, esqueceron espertarme no hotel e cheguei tarde –moi tarde– á gravación dun novo programa que estabamos a preparar. Chamábase O supermartes.

O logro de que se sente máis orgulloso
Foi no ano 94, unha noite en Chantada un fato de grupos inventamos unha etiqueta que xa forma parte da historia da música galega (e desculpas para os nenos que teñen que estudar estas cousas na escola): o bravú.

O maior reto cumprido na súa profesión
Diante de todos os agoiros e tabús, sermos quen (eramos un bo equipo) de demostrar que o galego é unha lingua de éxito tamén na radio privada. Falo dos dez anos que cada sábado construímos coa audiencia de Radio Coruña o programa A tropa da tralla.

O seu ben máis prezado
Icía e mais Manuela, xemelgas dun ano e dous meses, as miñas fillas.

“O meu maior reto cumprido foi demostrar que o galego é unha lingua de éxito tamén na radio privada”

